

A ASOCIACIÓN GALEGA DE MEDICINA FAMILIAR E COMUNITARIA PRESENTOU HOXE EN SANTIAGO OS DATOS DA ENQUISTA ESTATAL SOBRE TABAQUISMO CORRESPONDENTES AO 2006

O 67% DAS PERSOAS FUMADORAS GALEGAS CONSIDERA QUE A SÚA ADICCIÓN É UNHA ENFERMIDADE E APOIA A NOVA LEI ANTI-TABACO

- Non obstante, só un 16% afirma que intentou deixar de fumar dende xaneiro
- Un 86% aceptaría a axuda do seu médico de familia ou enfermeiro
- Os galegos que contestaron a enquisa teñen un maior coñecemento sobre o tabaquismo pasivo (86%) que o resto do Estado (65,4%)
- O número de persoas fumadoras en Galicia baixou entre un 5 e un 6% dende xaneiro, ata situarse en algo menos do 30%
- “A lei é incompleta porque un alto número de traballadores da hostelería fuman pasivamente” (Xulio Castañal, coordinador do estudo)

Santiago de Compostela, mércores 31 de maio de 2006.- Coincidindo co Día Mundial sen Tabaco, a Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria (AGAMFEC) deu a coñecer hoxe en Santiago de Compostela os resultados para Galicia dunha enquisa que, sobre hábitos de consumo de tabaco e tabaquismo, levou a cabo a Sociedade Española de Medicina de Familia y Comunitaria (semFYC) en 18 centros de saúde de seis Comunidades Autónomas españolas (á parte de Galicia, Madrid, Castela-León, Catalunya, Canarias e Murcia), e na que participaron 1.023 persoas que acudiron ao seu centro de saúde entre os días 2 e 9 de maio. É a primeira vez que se realiza un estudo destas características, traballo que se actualizará anualmente. Tratábase de coñecer a situación neste eido trala entrada en vigor, en xaneiro, da nova Lei anti-tabaco.

Dos resultados despréndese por unha banda que, mentres que na media española só o 35% dos fumadores considera que o tabaco é unha enfermidade, en Galicia esta porcentaxe elévase case ata o dobre: un 67%.

Non obstante, esta alta concienciación que parece darse en Galicia das consecuencias da adicción, non se corresponde co relativo aos intentos por deixar de fumar: só un 16% das persoas fumadoras galegas confesa na enquisa que intentou abandonar o tabaco dende xaneiro de 2006, por un 46,3% da media española.

Así mesmo, os galegos e galegas que contestaron ao cuestionario teñen un maior coñecemento sobre o tabaquismo pasivo (un 86%) que no resto de España (un 65,4%).

Finalmente, un 67% de fumadores e fumadoras galegos apoian a nova Lei anti-tabaco que entrou en vigor en xaneiro deste ano, un tanto por cento levemente superior á media estatal, que é dun 62,6% de apoio á lei.

UNHA LEI INCOMPLETA E CRÍTICAS Á HOSTELERÍA

Na presentación desta enquisa participaron dous integrantes da AGAMFEC, Xulio Castañal, coordinador do grupo galego de abordaxe ao tabaquismo, e Suso Sueiro, membro da directiva

desta Asociación. Castañal afirmou que “a Lei anti-tabaco é incompleta porque un alto número de traballadores de hostelería fuma pasivamente. Só o 15% dos locais que poderían optar por limitar o uso do tabaco o fixeron”.

Sueiro destacou pola súa banda que “é lamentable que o sector da hostelería non teña esa concienciación contra o tabaco que o resto da cidadanía parece ter, tal e como demostra este estudo”.

UN 30% DA CIDADANÍA GALEGA, FUMADORA

En canto á taxa de persoas fumadoras galegas, anunciaron que “antes da entrada en vigor da Lei de xaneiro de 2006 -sinalou Xulio Castañal-, arredor dun 35% de galegos e galegas declarábanse fumadores. Cinco meses despois o índice descendeu arredor de seis puntos, polo que agora estamos entorno ao 29-30%.

“É UN MITO ASOCIAR TABAQUISMO E PRACER”

Suso Sueiro incidiu finalmente en que “o problema do tabaquismo é fundamentalmente de saúde. É un mito asociar tabaquismo a pracer. Non debe ser así cando tanta xente está intentando deixar de fumar. Ademais, temos que dicirle aos que están esforzándose por deixar a adicción que teñen o apoio de todos nós, dos médicos de Medicina de Familia e Comunitaria”.



FICHA TÉCNICA

- Consulta realizada en 18 centros de saúde de seis Comunidades Autónomas (Madrid, Castilla-León, Catalunya, Canarias, Murcia e Galiza).
- Participan 1023 persoas que acudiron ao seu centro de saúde entre os días 2 e 9 de maio.
- Enquisa anónima e autoaplicada nas salas de espera dos centros de saúde, 57% homes e 43% mulleres.

PENSA QUE O TABACO É UNHA ENFERMIIDADE?

	SI		NON	
	ESP	GAL	ESP	GAL
TOTAL	57%	59%	43%	36% - 5%(NS/SC)
HOMES	45%	65%	55%	35%
MULLERES	55%	59%	45%	41%
FUMADORES	35%	67%	63%	33%
NON FUMADORES	73%	53%	25%	47%

¿PENSA QUE A LEI DO TABACO É UN ACERTO?

	SI		NON		NS/NC	
	ESP	GAL	ESP	GAL	ESP	GAL
TOTAL	72%	65%	15,5%	24%	12,4%	11%
FUMADORES	62,6%	67%	29%	33%	8,3%	0%
NON FUMADORES	78,1%	71%	6,9%	12%	15%	17%

¿SABE QUE É UN FUMADOR PASIVO?

	SI		NON		NS/NC	
	ESP	GAL	ESP	GAL	ESP	GAL
TOTAL	82% / 63% *	87%	7%	6%	11,1%	6%
FUMADORES	90,3% / 65,4% 86%		3,2%	7%	6,5%	0%
NON FUMADORES	78,3% / 61,5%	93%	9,2%	7%	12%	0%

* Estas dúas cifras da columna de España corresponden a: os que contestaron que SI saben o que é un fumador pasivo (cifra da esquerda) e os que realmente saben o que é (cifra en negra).

	ESPAÑA	GALICIA
PERSOAS FUMADORAS**	38,5%	45%

** Tanto por cento de fumadores do total dos que contestaron o cuestionario

¿INTENTOU DEIXAR DE FUMAR DENDE XANEIRO DE 2006?

	ESPAÑA	GALICIA
SI	46,3%	16%
NON	53,7%	84%

¿CÁNTO TEMPO CONSEGUIU ESTAR SEN FUMAR?

	ESPAÑA	GALICIA
1 DÍA	18%	20%
2 A 7 DÍAS	31%	10%
8 A 30 DÍAS	23,5%	0%
1 A 3 MESES	13%	0%
MÁIS DE TRES MESES	14,5%	60%

CRE QUE DÁ DEIXADO DE FUMAR NOS PRÓXIMOS MESES?

	ESPAÑA	GALICIA
1 MES	24%	43%
PRÓXIMOS 6 MESES	29%	17%
1 ANO	19%	7%
NS/NC	29%	33%

ACEPTARÍA AXUDA DO SEU MÉDICO DE FAMILIA OU ENFERMEIRO?

	ESPAÑA	GALICIA
SI	79%	86%
NON	10%	14%
NS/NC	11%	0%

--oo0oo--